

**Resolución do 4 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen as bases para a convocatoria do *Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (Programa PROA+)* nos centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos cursos 2024/25 e 2025/26.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle entre os seus principios a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008 por España.

No artigo 12 da citada lei determínase que a educación infantil ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, cognitivo e artístico do alumnado, así como a educación en valores cívicos para a convivencia. Ademais engade que a programación, a xestión e o desenvolvemento da educación infantil atenderán, en todo caso, á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económica teñen na aprendizaxe e evolución infantil, así como á detección precoz e atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo.

O artigo 16 da referida lei establece que a educación primaria ten como finalidade facilitar aos alumnos e as alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e das alumnas e da súa preparación para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.



No artigo 19 sinálase, ademais, que nesta etapa porase especial énfase en garantir a inclusión educativa; na atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia; na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

No seu artigo 120 establécese que as Administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

A lexislación propia de Galicia afonda neste principio a través da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación.

O desenvolvemento do programa PROA+ enmárcase no Plan de Mellora Educativa de Galicia (Plan MEGA), que a Xunta de Galicia puxo en marcha neste curso 2024/25 co obxectivo de potenciar un sistema educativo que permita a cada estudante acadar o seu máximo potencial coas competencias e habilidades necesarias. O desenvolvemento deste plan implica unha reestruturación do sistema educativo centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten.

As actuacións desenvolvidas dentro do programa PROA+ poden ser obxecto de financiamento polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+)



De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral,

**RESOLVE:**

## **1. Obxecto**

- 1) Esta Resolución ten por obxecto regular o desenvolvemento do programa de cooperación territorial para a orientación, avance e enriquecemento educativo PROA+, co fin de lograr o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe do alumnado, en especial daquel en situación de vulnerabilidade socioeducativa.
- 2) Establecer o procedemento e os criterios para a selección dos centros participantes nesta convocatoria para o período 2024-2026.

## **2. Obxectivos xerais do programa**

O Programa PROA+ persegue os seguintes obxectivos:

- 1) Apoiar ao alumnado vulnerable para a mellora do seu rendemento académico e desenvolvemento do éxito educativo preferentemente no desempeño da comprensión lectora e matemática.
- 2) Facilitar a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para favorecer a súa formación, reducir as taxas de absentismo así como previr o abandono escolar prematuro.
- 3) Mellorar a equidade no acceso ás oportunidades educativas.
- 4) Reforzar o fortalecemento dos centros para compensar as desigualdades educativas do alumnado e as súas familias.
- 5) Mellorar o clima de convivencia do centro.



### 3.- Características e desenvolvemento

O Programa PROA+ estrutúrase ao redor de cinco liñas estratéxicas de actuación, inspiradas nos principios pedagóxicos PROA+, sobre as que os centros terán que focalizar as súas actividades panca no Plan de mellora:

- 1) Asegurar as condicións mínimas de educabilidade do alumnado.
- 2) Apoiar ao alumnado con dificultades para a aprendizaxe.
- 3) Desenvolver actitudes positivas no centro.
- 4) Mellorar o proceso de ensinanza - aprendizaxe daqueles aspectos das competencias clave nas que se presenten dificultades de aprendizaxe.
- 5) Aplicar novas formas de organización e xestión do centro orientadas a mellorar o éxito educativo de todo o alumnado.

Estas liñas estratéxicas e ámbitos de actuación enmarcan unha serie de actividades panca que se deberán desenvolver no centro educativo.

A actividade de reforzo docente correspóndese coa actividade panca 230 do catálogo de actividades no marco do programa PROA+. Esta actividade considérase como obrigatoria para o período 2024-2026.

### 4. Ámbito de aplicación

Este programa vai dirixido ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa nas etapas de infantil, primaria e secundaria obrigatoria así como o alumnado de ciclos formativos de grao básico de formación profesional, matriculado en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que contén cun 30% de alumnado vulnerable.

Enténdese por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de



aprendizaxe, por se atopar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Todas elas barreiras que condicionan, potencial ou efectivamente, as posibilidades de éxito educativo do alumnado.

## 5. Requisitos dos centros beneficiarios

Poderán participar no Programa PROA+ os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que cumpran os seguintes requisitos:

- 1) Acreditar unha porcentaxe mínima dun 30% de alumnado vulnerable mediante un certificado asinado pola persoa responsable da dirección do centro.
- 2) Acreditar o compromiso de participación de polo menos un 60% do profesorado do claustro mediante un certificado asinado pola persoa responsable da dirección do centro.
- 3) Acreditar o compromiso do centro educativo para o deseño, aplicación, seguimento e avaliación dun Plan Estratéxico de Mellora, ou de actualización no caso de continuidade no programa, mediante un certificado asinado pola persoa responsable da dirección do centro.
- 4) Acreditar a participación dun mínimo do 40% do alumnado nas probas de avaliación de diagnóstico desenvolvidas no curso 2023/24 mediante un certificado asinado pola persoa responsable da dirección do centro, de ser o caso.
- 5) Formalizar un acordo con formato de contrato-programa coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

## 6. Procedemento e prazo de solicitude

- 1) Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos/>. A persoa que exerza a función da dirección do centro ou persoa autorizada será quen terá todos os permisos de creación



da solicitude. A documentación requirida no apartado 5 presentarse nun único PDF na pestana "Outra documentación" da aplicación informática [https://www.edu.xunta.gal/programas\\_educativos/](https://www.edu.xunta.gal/programas_educativos/).

- 2) Unha vez presentada a solicitude, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírase á persoa solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.
- 3) Os centros educativos reflectirán na aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos> o perfil do profesorado que exercerá o reforzo docente segundo a tipoloxía do seu centro e por orde de preferencia de especialidade (primaria, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, ámbito científico matemático ou ámbito sociolingüístico). Na aplicación deberán cubrir todos os campos requiridos.
- 4) O prazo de solicitude comezará ao día seguinte ao da publicación desta Resolución en <https://www.edu.xunta.gal/portal/> e rematará o 20 de setembro de 2024.

## 7.- Compromisos de carácter xeral dos centros docentes

Os centros docentes seleccionados deberán:

- 1) Asumir o compromiso de deseño, aplicación, seguimento e avaliación dun Plan Estratéxico de Mellora ou de actualización no caso de continuidade no programa.
- 2) Cumprir coas obrigas derivadas do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.
- 3) Cumprir as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa referentes á xestión do programa PROA+.
- 4) Participar o equipo directivo e o profesorado implicado, tanto nas actividades de formación que se planifiquen desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como en calquera outra que a Administración educativa determine se así se establece.



- 5) Integrar o programa PROA+ no funcionamento ordinario do centro.
- 6) Facilitar todos os datos que se requiran para o seguimento e avaliación do programa PROA+.
- 7) Xestionar e custodiar a documentación necesaria para a xustificación da súa participación consonte co que estableza a Administración educativa.
- 8) Cumprir os requisitos que, a efectos de publicidade e difusión, estableza a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

### **8.- Actuacións de carácter xeral da Administración Educativa**

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realizará o asesoramento e o apoio necesario para a implementación do programa a través de:

- 1) Os servizos de inspección educativa que realizarán a supervisión do desenvolvemento do programa e o asesoramento necesario para garantir o seu adecuado funcionamento.
- 2) A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa que asesorará e asistirá os centros educativos no desenvolvemento do programa.
- 3) A formación específica para o equipo directivo e para o profesorado implicado no plan, de ser o caso.

### **9.- Dotación do programa**

- 1) O profesorado designado para desempeñar as funcións de reforzo educativo será de educación primaria, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe así como profesorado de ensino secundario dos ámbitos lingüístico e social ou matemático e científico.
- 2) Planificación da intervención docente no centro educativo:
  - a) Recollerase a planificación e a avaliación do programa na Programación Xeral Anual (en adiante PXA) así como na memoria final. Se a PXA xa estivera aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro no plan.



- b) Informarase as familias do alumnado seleccionado da participación dos/das seus/súas fillos/as no programa. O profesorado titor será o responsable de trasladar esa información.
- c) A intervención directa co alumnado integrarase, preferentemente, no horario lectivo semanal do grupo-clase e dentro da aula ordinaria, e o seu obxectivo centrarase no traballo e na mellora do rendemento académico do alumnado que é obxecto desta resolución.

No caso de que o centro educativo o solicite fóra do horario lectivo ou de forma non presencial, deberá xustificalo convenientemente e acreditar que conta cos recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Será necesaria a autorización expresa do Departamento Territorial correspondente en relación á repercusión que esta modalidade teña nos servizos complementarios.

O horario do persoal docente estará destinado a esta intervención así como á atención e coordinación coas familias en colaboración coa persoa titora do grupo e baixo as directrices da xefatura de estudos. O profesorado asignado realizará o reforzo unicamente ao alumnado seleccionado en cada grupo-clase.

- d) Empregaranse metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.
- e) A avaliación do alumnado será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións do persoal docente asignado ao programa, e desenvolverase de acordo coa lexislación vixente.
- f) O persoal docente asignado considerarase membro do claustro e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e as súas obrigas como docente.
- g) O profesorado asignado redactará unha memoria para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados. Así mesmo, asinará toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do programa operativo FSE+.





- 3) A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asignará o reforzo docente en función da dispoñibilidade orzamentaria.

## 10.- Criterios de selección

Os centros beneficiarios deste programa serán seleccionados en función da puntuación obtida en base aos criterios descritos a continuación.

- 1) Número total de alumnado matriculado no centro, ata un máximo de 22 puntos. Asignaranse 22 puntos ao centro que conte con maior matrícula e 0 puntos ao centro con menor matrícula. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.
- 2) Porcentaxe de alumnado escolarizado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro, ata un máximo de 22 puntos. Asignaranse 22 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe con este perfil de alumnado e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.
- 3) Porcentaxe de alumnado con áreas ou materias do ámbito científico-matemático non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata 17 puntos. Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa nas áreas ou materias do ámbito científico-matemático, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.
- 4) Porcentaxe de alumnado con áreas ou materias do ámbito sociolingüístico non superadas no curso anterior, matriculado no nivel para o que se solicita o reforzo educativo, ata 17 puntos. Asignaranse 17 puntos ao centro que conte coa maior porcentaxe de alumnado con avaliación negativa nas áreas ou materias do ámbito sociolingüístico, e 0 puntos ao centro coa menor porcentaxe. O resto de centros obterán unha puntuación proporcional en función das puntuacións máximas e mínimas mencionadas.



- 5) A puntuación media obtida polo centro nalgunha das competencias avaliadas na avaliación de diagnóstico do curso 2023/24 é inferior en 50 ou máis puntos á puntuación media do grupo ISEC correspondente na mesma competencia, ata un máximo de 17 puntos.

En ausencia de grupo ISEC para o centro asignaráselle por defecto o grupo ISEC baixo.

- 6) Centros situados en concellos rurais de menos de 5 000 habitantes: 5 puntos.
- 7) A puntuación total de cada centro será a suma das puntuacións parciais asignadas en cada apartado. Para obter as puntuacións de cada centro solicitante, os centros utilizarán os datos rexistrados no programa de xestión educativa XADE 2024/25.
- 8) No caso de existir igualdade na puntuación obtida entre dous ou máis centros, seleccionarase aquel centro con maior puntuación en cada apartado dos criterios expostos, segundo a orde establecida anteriormente. De persistir o empate terase en conta a data de recepción da solicitude.

## 11. Procedemento de selección

Unha vez revisadas as solicitudes presentadas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional seleccionará aqueles centros que cumpran cos requisitos establecidos no apartado 5, segundo a puntuación obtida tendo en conta os criterios de selección descritos no apartado 10.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional solicitará un informe favorable ao Servizo Territorial de Inspección Educativa.

## 12. Comisión de selección

- 1) Baixo a presidencia da persoa titular do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, constituirase unha comisión que se encargará de valorar as solicitudes.
- 2) A comisión estará integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, os/as inspectores/as xefes/as do Servizo Territorial de



Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación e Coordinación da Inspección Educativa, e unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria, con voz e sen voto. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, de ser o caso.

- 3) A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras do Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia, para os efectos de elaboración de documentos e informes sobre o proceso de selección.
- 4) A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

### 13. Resolución provisional

Unha vez finalizado o proceso de selección, a resolución provisional dos centros beneficiarios do programa será publicada no portal educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

Despois desta publicación, abrírase un prazo de 3 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución provisional.

### 14. Resolución definitiva

- 1) A comisión de selección valorará as reclamacións e renuncias recibidas e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que resolverá definitivamente sobre os centros seleccionados.
- 2) A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).
- 3) Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día



seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## 15. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do



procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

